

### **INFORMACIÓN MATRÍCULA DO ANO ACADÉMICO 2023-2024**

- 1. PRAZO DE MATRÍCULA:** O alumnado admitido para o vindeiro curso 2023/2024 que **aprobaran todo o curso** na convocatoria de xuño, deberán formalizar a matrícula entre o 23 de xuño e o 7 de xullo, de 09:00 h a 13:30 h

Para axilizar o trámite e evitar esperas, SOLICITAMOS respeten as seguintes quendas, onde se refire ao curso e grupo ou centro cursado no ano actual:

	<b><u>De 9.30-11.30h</u></b>	<b><u>De 11.30-13.30h</u></b>
23 de xuño	CEIP Sofía Casanova	CEIP Isaac Díaz Pardo
26 de xuño	CEIP Vila de Rutis	1º BACH A - 1º BACH B (cursado neste ano)
29 de xuño (cursando neste ano)	1º ESO A - 1º ESO B	1º ESO C - 1º ESO D
30 de xuño (cursando neste ano)	1º ESO E - 2º ESO A	2º ESO B - 2º ESO C
3 de xullo (cursando neste ano)	2º ESO D - 2º ESO E	3º ESO A - 3º ESO B
4 de xullo (cursando neste ano)	3º ESO C - 3º ESO D	3º ESO E
5 de xullo (cursando neste ano)	4º ESO A	4º ESO B
6 de xullo (cursando neste ano)	4º ESO C	4º ESO D
7 de xullo	Alumnado con admisión definitiva procedente doutros centros.	

**2.- DOCUMENTACIÓN NECESARIA :**

<b>ALUMNADO DO CENTRO</b>	<b>ALUMNADO NOVO</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▶ <b>Dúas fotos tamaño carné (recortadas e co nome e apelidos por detrás)</b></li> <li>▶ Fotocopia DNI alumno se o tivera tramitado(obrigatorio a partir de 14 anos).</li> <li>▶ Xustificante pago seguro escolar (sólo teñen que pagar o seguro o alumnado de 3º, 4º ESO e Bacharelato). O pago do seguro escolar farase en <b>BANCO SANTANDER.</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Fotocopia libro de familia (ou pasaporte) e sentenza separación e/ou convenio regulador se fose o caso.</li> <li>▶ Fotocopia tarxeta sanitaria do alumno.</li> <li>▶ Fotocopia do DNI alumno se o tivera tramitado(obrigatorio a partir de 14 anos).</li> <li>▶ <b>Cinco fotos tamaño carné (recortadas co nome e apelidos detrás).</b></li> <li>▶ <b>Certificación académica(solicítase no centro de procedencia)</b></li> <li>▶ Xustificante pago seguro escolar (sólo teñen que pagar o seguro o alumnado de 3º, 4º ESO e bacharelato). O pago do seguro escolar farase en <b>BANCO SANTANDER.</b></li> </ul>



**PRÉGASE TRAER AS FOTOCOPIAS DA DOCUMENTACIÓN FEITAS.**

**Nota importante: NON se recollerán ás matriculas as que lle falte documentación solicitada para a súa formalización.**

**CONTA DO BANCO SANTANDER PARA INGRESAR O PAGO DO SEGURO.**

Deberanse aboar 1,12 euros na conta **ES42 0049 2970 8122 1401 9011**. O concepto do ingreso será: **SEGURO ESCOLAR e o xustificante deberá levar o nome e apelidos do alumno/a.**

### 3. PROGRAMA DE AXUDAS PARA LIBROS DE TEXTO

A Xunta publicou a Orde pola que se regula a participación no fondo de libros de texto para os alumnos de 1º, 2º, 3º e 4º ESO e axudas para a compra de material escolar para todo o alumnado da ESO Orde do 10 de maio de 2021 (DOG 19 maio 2023)

O prazo para presentar as solicitudes: dende 20 de maio ata o vindeiro día 21 de xuño, ámbolos dous incluídos.

Para poder optar ás axudas para o curso 2023/2024 o alumnado que foi beneficiario no curso 2022/2023 **deberán devolver** os libros que lle foron entregados a través do Fondo de libros ( os alumnos do IES Rego de Trabe teñen **como máximo ata o 30 de xuño 2023** para devolvelos (será publicado a través de Abalar os días de entrega para cada curso))

### 4. INFORMACIÓN SOBRE O PROGRAMA DE ALERTA ESCOLAR.

Os pais/nais de alumnos con patoloxías de alerxia alimentaria, shock anafiláctico, diabetes, hipoglicemia, epilepsia..., deben inscribilos no programa de alerta escolar solicitando o formulario en administración.

### 5. SOLICITUDE DE CAMBIO DE GRUPO

Do 30 de setembro ao 4 de outubro (ambos incluídos) pódese solicitar cambio de grupo do alumnado. Para iso os representantes legais deberán cubrir un impreso que se lles facilitará en administración no que, entre outras cuestións, deberán facer constar os motivos razoados da súa solicitude. Esta será valorada polo equipo docente, o titor e o departamento de orientación, que resolverán sobre a mesma e informarán ao interesado.

### 6. Exención de Galego

O alumnado que se incorpore ao sistema educativo de Galicia poderá solicitar a exención na avaliación da lingua galega (exención que se concederá durante un máximo de dous cursos lectivos), segundo a orden do 10 de febreiro do 2014 na que se desarrolla o Decreto 79/2010 de 20 de maio "Para o Plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega"(DOG nº 34 do 19 de febreiro do 2014).

### 7. Validación de Música e Educación Física

O alumnado que realice estudos no Conservatorio poderá solicitar exención de Música e/ou optativa, segundo sexa o último curso aprobado. Deberán sinalar a/as convalidacións que solicitan e aportar a documentación necesaria segundo a Orde do 7 de xullo de 2010 (DOG nº 134 do 15 de xullo).

## 8. ACCIDENTES ESCOLARES:

En caso de accidente ou lesión do alumnado de 3º e 4º ESO, 1º BAC e 2º BAC nas dependencias do instituto facilitaráselle o parte de accidente en Secretaría. O alumnado de 1º e 2º están cubertos polo seguro da familia.

## 9. COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS.

- ▶ **ABALAR MÓBIL:** Recibirán inmediatamente no seu teléfono información referente a faltas de asistencia e/ou comportamento do seu fillo/a, así como as notas de cada avaliación. As instrucións para baixar a aplicación están na páxina web do centro. É necesario notificar na Secretaría do centro se cambia de número de teléfono móbil.
- ▶ **SITIO WEB DO CENTRO:** Fonte de información de asuntos relacionados co centro, convocatorias de becas e axudas, calendario de exames e de actividades extraescolares, etc.
- ▶ O alumnado que teña necesidades educativas especiais recibirán apoio. Quen necesite medidas de reforzo serán incluídos, sempre que sexa posible, en agrupamentos específicos.
- ▶ Con anterioridade ao comezo das clases encontrarán nas cristaleiras do instituto e na web do centro – [www.edu.xunta.es/centros/iesregodetrabe](http://www.edu.xunta.es/centros/iesregodetrabe) - toda a información necesaria relativa ao curso.
- ▶ O primeiro día de clase o profesorado titor informará ao seu alumnado do día e hora da semana en que recibirá ás familias. É conveniente que se faga, como mínimo, unha visita trimestral, previa cita. Esta concertarase a través do alumno ou alumna, ou chamando ao centro.
- ▶ **Material escolar:**
  - a. **Cómpre utilizar indumentaria axeitada para a práctica da Educación Física.** Esta consiste en:
    - Camiseta con manga curta ou longa, que cubra a cintura (preferentemente branca o azul)
    - Chándal con pantalóns que cubran a cadeira (preferentemente azul mariño ou negro).
    - Por razóns hixiénicas os materiais das prendas deben ser flexibles, transpirables e de fibras naturais (algodón ou mestura). Non se permitirán materiais plastificados.
    - Calzado: zapatillas multiusos que suxeiten, amortezan e transpire ben o pé (sen bultos baixo a lingüeta), as que se venden en tendas deportivas para correr.
  - b. **É obrigatorio traer o material preciso para cada materia.** A reincidencia en falta de material (tres sesións nun prazo de dúas semanas) supón unha falta de conduta.

## 10. ALGÚNS ASPECTOS DE FUNCIONAMENTO DO CENTRO

- ▶ As faltas de asistencia e de conduta recibiranse diariamente a través de AbalarMobil.
- ▶ Ante unha indisposición leve de algún alumno ou alumna, debe presentarse en Conserxería dende onde se chamará ao seu pai, nai ou representante legal para que pasen a recollelo.
- ▶ Non administramos ningún tipo de fármaco. Se precisa de tomar algún medicamento debe traelo da casa e avisar ao profesorado correspondente para que lle permita saír á hora que lle toque a súa toma.
- ▶ Lembren que o alumnado con materias pendentes recibirá unha atención e un seguemento ao longo do curso por parte do departamento didáctico correspondente. É importante salientar que, independentemente dos avisos referentes a probas ou entrega de traballos que cada departamento faga ao alumnado, deberán mirar sempre no taboleiro de anuncios habilitado para tal fin e na páxina web do centro, posto que é aí onde se centralizará e actualizará toda a información e, se fose necesario por algún motivo, os cambios de horas ou datas necesarios.



- ▶ O alumnado só poderá abandonar o recinto escolar en horario lectivo se son recollidos por persoas autorizadas e previamente identificadas: baixo ningún concepto se permitirá a saída de ningún alumno sen que se cumpra a condición anterior (achégase unha folla para cubrir coas persoas autorizadas, impreso nº 1), agás o alumnado de 4º ESO e de Bacharelato que cumprimente o anexo nas condicións nel recollidas. **Non se admitirán, polo tanto, chamadas telefónicas nin comunicacións asinadas autorizando a persoas diferentes das que figuran: calquera cambio deberá facerse persoalmente no centro.**
- ▶ **Non se permite a utilización de teléfonos móbiles, MP3, cámaras... ou calquera outro dispositivo electrónico similar dentro do recinto escolar.** O incumprimento desta norma suporá a retirada do aparato ao alumno e non se lle devolverá ata que veña a súa familia a recollelo persoalmente en dirección.
- ▶ As comunicacións de sancións enviadas ás familias deberán ser devoltos debidamente asinadas nos 2 días seguintes á súa tramitación como máximo. O incumprimento desta norma suporá para o alumno a aplicación de medidas disciplinarias.
- ▶ **O alumnado da ESO non está autorizado á saída do centro durante os recreos, independentemente da súa idade.**

**O horario de atención ao público é de 09:30 a 13:30 horas. A información sobre o comezo de curso atoparase nas cristaleiras do centro e na páxina web antes de comezar o curso.**